

A memoria tamén arde mal

sobre *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas

Son moitos os círculos de verdade que se entrecruzan en *Os libros arden mal*, a última novela de Rivas. Por ela pululan persoeiros históricos que se converten en personaxes da novela, personaxes ficticios que desvelan episodios da historia do franquismo, protagonistas que teñen o seu correspondente real en vidas anónimas sacrificadas no golpe fascista ou caracteres confeccionados a través de retallos diversos da memoria do escritor.

A primeira parada nos cruces entre ficción e realidade da novela é o grupo de amigos do ateneo libertario *El resplandor en el abismo*. O local segue en pé na Fontenova, na cidade herculina, paredes de cemento enchoupadas de abandono. Co triunfo da sublevación golpista na Coruña, o ateneo foi expoliado, represaliados e asasinados os mozos que lle daban vida. Os referentes reais están presentes en varios destes amigos perseguidos que protagonizan a novela. Tal é o caso de Arturo da Silva, personaxe que se nutre na vida de Arturo Meirás, campión de pesos lixeiros, colaborador da publicación *Brazo y Cerebro* e asasinado na época da guerra. Del fálase polo miúdo noutro libro, o *Memoria de ferro* de Antón Patiño Regueira, onde o autor, testemuño do horror da guerra, lembra aos amigos paseados, moi noviños, na Coruña, e mesmo dá nomes dalgún dos asasinados. Semella que o relato de Patiño Regueira, con quen o propio Rivas falou en varias ocasións sobre a Coruña da época, impresionou fundamente ao autor e deixou unha fonda pegada na novela. De feito, na contorna do grupo de amigos asasinados que aparecen en *Os libros arden mal* podemos atopar outros personaxes reais dos que dá conta Antón Patiño Regueira, como Holando, paseado no areal de Bastiagueiro o mesmo día que Arturo Meirás. Encontrámonos tamén na novela con Luis Huici, xastre e pintor da

revista *Alfar*, outra vítima da represión franquista. Doutro dos pintores de *Alfar* asasinado, Francisco Miguel, procede a obra que se reproduce na edición en castelán de *Os libros arden mal*. E non podemos esquecer, por último, a Sada, que ten o seu correspondente real en Luguís. Por certo, a anécdota na que o o pintor é perseguido polo toureiro Celita, cando estaba a repartir propaganda antitaurina, é real. Nun dos proxectos culturais nos que participa o pintor, a revista *Atlántida*, tamén podemos atopar paralelismos na revista *Oeste* referida por Rivas.

Un diferente círculo de verdade é o constituído polos persoeiros históricos. Santiago Casares Quiroga e María Casares, ou o xurista nazi Carl Schmitt e o mesmo Fraga, por poñer só algúns exemplos, cónvértese en persoaxes da novela. Un dos capítulos, a modo de ensaio histórico fundamente documentado, adéntrase na biografía de Schmitt, expón as claves do seu pensamento e rememora a homenaxe que se lle dispensou en Madrid en 1962, cando recibe a distinción de membro de honra do Instituto de Estudos Políticos, do que era director Fraga. O capítulo ensaístico –atribuído na novela a un dos seus personaxes ficticios, Héctor Ríos– cobrou xa unha segunda vida máis aló da obra na que se insire. En

internet aparece como texto de filosofía do dereito en varias universidades e mesmo a web da FAES, un dos *think tank* de Aznar, dedícalle varias páxinas e rebater o texto de Ríos.

Un outro círculo de verdade é a do propio autor, a contida na súa memoria e na súa ollada. A memoria prende nos relatos orais escoitados dende neno. “Penso que comezas a escribir cando empezas a oír”, comenta Rivas. A ollada personifícase nalgún dos personaxes da novela, que conseguen mirar a través das múltiples pechaduras da cidade o que acontece nos espazos privilexiados que gardan. Tal é o caso de O, que como lavandeira entra a traballar nas casas dos estamentos burgueses. “Teño mirado por moitos ollos de pechadura e a miña xente, a estirpe da que procedo tamén. Digamos que veño do mundo de O”. A través desta mirada herdada, e tamén a través da súa ollada ollada e experiencia profesional como xornalista, recrea o escritor un dos escenarios quizabes menos presentes na literatura galega, o da burguesía.

Gusta tamén o autor de rememorar a verdade dos propios espazos, como Panadeiras 12, a casa coruñesa de Santiago Casares Quiroga, e sobre a que se fai pouzar, en varios momentos da novela, toda a carga da esfera do mundo.

© Isabel Lema

